



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

SELECCION LABORAL TEMPORAL DE (1) PEÓN FORESTAL (SUBSTITUCIÓN), MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO. (EXPEDIENTE Nº: 2026/E001/000011).

FASE DE REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA.

En Ordes, a 03 de setembro de 2026, sendo as 10 horas reúnese na nave da brigada de obras, situada na parcela 85 do Parque empresarial de Ordes o Tribunal nomeado para a **SELECCIÓN DE (1) PEÓN FORESTAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO. (EXPEDIENTE Nº: 2026/E001/000011).**

Asisten:

Presidenta: Fátima Rodríguez Liste, Escala de Funcionarios de Administración Xeral.
Subescala de Xestión.

1º Vogal: Marcos Gándara Costa, Escala de funcionario de Administración xeral.
Subescala Xestión

2º Vogal José Antonio Vázquez Fraga, Funcionario da brigada municipal de obras e servizos.

3º Colaborador: Marcos Castro Fernández, Oficial da brigada municipal de obras e servizos.

Secretaria: Yolanda Cela Villaverde, Escala de Funcionarios de Administración Xeral.
Subescala de Xestión

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 7ª (Inicio e Desenvolvemento do proceso selectivo), procedéndose a:

1º. A realización da fase de oposición do proceso selectivo consistente na realización da proba práctica dun peón forestal. A puntuación máxima que se pode obter nesta fase é de 10 puntos e serán eliminados aqueles aspirantes que non cheguen á metade da puntuación máxima.

O Tribunal acorda que a proba práctica consista na realización, por parte dos aspirantes, na montaxe do fío dunha desbrozadora e na montaxe da cadea dunha



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

motoserra para comprobar o seu correcto funcionamento. Para a realización de dita proba disporán dun total de 20 minutos.

O Tribunal tamén acorda efectuar o chamamento dos aspirantes de dous en dous para a realización desta proba. Conforme ó establecido nas Bases do proceso, o Tribunal á hora de outorgar as puntuacións desta proba valorará a pericia e a celeridade do aspirante na execución da mesma.

Unha vez rematada a realización da proba por parte dos aspirantes que compareceron, o Tribunal procede á súa cualificación e acorda outorgar as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	NIF	PUNTUACIÓN PROBA PRÁCTICA
GOMEZ MARTIN, MIGUEL ANGEL	***5646**	4
DEL RIO REGOS, JORGE	***6862**	8

2º. - De non presentarse alegación/s e /ou reclamación ou corrección de erros alguha, a valoración será elevada a definitiva (bases 8ª e 9ª) por este tribunal e ratificará o resultados das puntuación obtidas nesta fase. Ademais elevará a proposta definitiva de aprobados/as para proceder á súa contratación. O Tribunal acorda que as puntuacións outorgadas sexan publicadas na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ordes.

Conforme ó disposto nas Bases do proceso, os aspirantes disporán dun un prazo de dous días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación das puntuacións desta proba.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, sendo as 11:30 horas do día ao principio sinalado, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta.

Ordes, na data da sinatura dixital.

A Presidenta,

Fátima Rodríguez Liste.

(asinado dixitalmente)

A Secretaria,

Yolanda Cela Villaverde